






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	6
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	7
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	9
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	12
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	13
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)	15
8.	ANEXO PLANOS	23



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.



Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A vila de Pontedeume e a súa historia está ligada á da ponte que lle dá nome. Unha cita de 1162 sobre unha doazón de terras xa cita a existencia da ponte, que ata 1382 foi de madeira. En 1270, unha concesión de Afonso X O Sabio permite repoboar a vila situada xunto á Ponte do Eume. A partir de 1371, Pontedeume pasa a formar parte do señorío de Fernán Pérez de Andrade "O Bó". O señor de Andrade ordenou a reconstrución da antiga ponte de madeira, realizando un de pedra. Mandou crear sobre este a capela e o hospital de "Sancti Spíritus", fundado en 1393. Estaba situado sobre a mesma ponte do Eume, sobre os arcos 20 e 21, e consta que se atendían doce camas. O hospital foi derrubado en 1867 segundo apunta Couceiro Freijomil.

O cardeal Jerónimo do Burato nas súas "Memorias do Arcebispado de Santiago", escritas no ano 1607, refírese a Pontedeume: *"En medio desta puente está un hospital con su iglesia y habitación para peregrinos y gente que mora en él y para los frailes de Sancta Catalina de Montefaro, a quien está subordinado, y pasan y viven quando vienen a decir las misas que en él están dotadas. Hay también en esta puente dos como castillejos, uno antes del hospital y otro después; también hay en esta puente el oso y el jabalí... Esta puente sale desde la puerta de la muralla de la dicha villa y tira hacia el Ferrol, y en el remate della, hacia esta parte, está un crucero muy devoto y luego un campo muy llano y muy espacioso en que se puede haçer cualquier alarde, y la dicha puente tiene un lindo paseo por demás de ser tan larga y tan llana como por la una parte y otra es mar puedese ir hablando sin reçelo de que haya testigos que les oigan"*.

Deste relato dedúcese o percorrido urbano dos peregrinos e viaxeiros: Accedían á poboación polo "Arco da Ponte", demolida en 1906, e pola rúa Real facíano á igrexa de Santiago.

Pontedeume non só era punto de paso do camiño entre ponte Xuvia e Betanzos. Dende Mondoñedo outro camiño conducía a As Pontes de García Rodríguez e Pontedeume. Este antigo itinerario, formado moi probablemente dende a época romana, foi moi utilizado na Idade Media, e polo tanto seguido por peregrinos procedentes de Oviedo.

É habitual encontrar na cartografía histórica a referencia da poboación de Pontedeume e a súa ponte, con diferentes denominacións: Pontes Deume, Ponte Deume, Pontesdeume, Ponte d'Eume. Así mesmo, o Padre Sarmiento cita Pontesdeume nas súas anotacións da viaxe a Galicia realizada en 1745.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O peregrino chega a Pontedeume cruzando a ponte que da nome á vila. O paso sobre a devandita ponte permite apreciar un ámbito no que se une a ría formada pola desembocadura do río Eume e a estampa da vila eumesa. No compacto casco histórico destacan a Torre Grande dos Andrade próxima ao porto e a igrexa parroquial de Santiago na parte alta da localidade. A ponte sobre a ría da liña de ferrocarril A Coruña-Ferrol marca o horizonte cara ao límite costeiro.

A través da Praza de España, o trazado inténase no casco histórico de Pontedeume pola Rúa Real. Pásase fronte á Casa do Concello situada na Praza Real e continúa subindo entre soportais. No cruzamento coa rúa de Macebo, a ruta prosegue salvando as escaleiras que levan á rúa da Igrexa.

Tras pasar xunto á ábsida a Igrexa Parroquial de Santiago, chégase á Praza de San Roque. Dende aquí continúa pola rúa do Empedrado, que en constante ascenso abandona a zona urbana de Pontedeume. Pasado o núcleo de O Barro, o camiño segue o seu ascenso polas faldas do monte Bremao por unha estrada veciñal dende a que se contempla parte do val que forma a desembocadura do Eume. Esta pequena estrada presenta un primeiro tramo onde predominan os terreos privados con vivendas illadas para despois discorrer entre noiros ampliándose o horizonte aos vales do ámbito da ría de Betanzos.

TRAZADO COMPLEMENTARIO

Dende a rúa da Igrexa, o trazado complementario diríxese cara á fachada principal da Igrexa Parroquial de Santiago. Fronte a esta, a ruta apóiase nas escaleiras que soben pola antiga muralla. Os chanzos desembocan fronte á rúa da Fontenova e é por esta rúa pola que pasa a discorrer o trazado. A rúa da Fontenova ascende pola aba do monte Bremao entre edificios de vivendas e panos de muros de cachotería, con pavimento de formigón en toda a súa lonxitude.

Superada a primeira metade da rúa, aparece a fonte que da nome á mesma. Está realizada en pedra situada xunto a vellos muros pétreos. A partir da fonte, a rúa ensánchase continuando no seu lateral dereito os muros de pedra e no esquerdo construcións de vivendas. O tramo final da rúa carece de edificios no lado esquerdo, o que permite contemplar a vista sobre o río Eume e a beira oposta. A confluencia co trazado delimitado prodúcese ao chegar ao cruzamento coa rúa do Empedrado.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Pontedeume. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO



TRAZADO 1997



O trazado do Camiño que atravesa o Concello de Pontedeume presenta pequenas variacións respecto da delimitación levada a cabo en 1997. Formúlase a delimitación dun trazado complementario na saída do casco histórico e a aparición dun pequeno tramo no sur do Concello derivada da forte modificación urbanística producida en Miño

TRAMO IGREXA DE SANTIAGO-RUA DA FONTENOVA



Unha vez o trazado chega á Igrexa de Santiago de Pontedeume, non difire do presentado en 1997, pois ambos os dous abandonan o casco histórico en forte ascenso pola Rúa do Empedrado e a Rúa do Soto dá Vila. Non obstante, fórmulase un novo trazado de carácter complementario, que tras visitar a Igrexa de Santiago abandona o centro pola Rúa dá Fonte Nova e que en ascenso máis suave que o anterior alcanza a saída do núcleo urbano onde unha vez unificados os dous trazados continúan cara a Miño.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO


O trazado delimitado ao seu paso por Pontedeume ofrece dous tramos ben diferenciados: O primeiro transcorre polo casco histórico da vila Eumesa. O pavimento en todo momento mostra un bo estado de conservación, se ben hai que ter en conta que discorre por rúas empedradas e algúns tramos de escaleira. A saída da vila pola rúa do Empedrado conta con firme de formigón imprimido en perfecto estado.

O resto do trazado realízase por pistas perfectamente asfaltadas que non presentan ningunha dificultade para o peregrino.

O trazado pola rúa de Fontenova conta con pavimento de formigón con calidade irregular. Non obstante, o tránsito de peregrinos pódese realizar sen maiores dificultades.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	0.6	24.8%	0.4%
	Mala	0.4	18.2%	0.3%
	Media	0.8	31.0%	0.5%
	Boa	0.5	20.7%	0.4%
	Moi boa	0.1	5.4%	0.1%
	Excelente	0.0	0.0%	0.0%
	Total xeral	2.4	100.0%	1.7%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



Conservación do Camiño		Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	1.7	71.1%	1.2%
	Regular	0.3	12.8%	0.2%
	Mala	0.4	16.1%	0.3%
Total xeral		2.4	100.0%	1.7%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito do Camiño Inglés inténase no concello de Pontedeume abrangendo a extensa área de esteiro comprendida entre a ponte do ferrocarril e o viaduto da autoestrada AP-9. No núcleo de Pontedeume recolle as edificacións con fachadas a tres das rúas do casco histórico: a rúa de Santiago, a Real e a dos Ferreiros. De aquí sube polo sur até chegar ao Barro, onde colle a dirección suroeste, marcada pola ladeira de Breamo.

O Camiño Inglés no concello de Miño pasa moi próximo ao límite do concello de Pontedeume, polo que o ámbito penetra de novo no concello de Pontedeume, abrangendo o tramo de autoestrada existente e terreo forestal.

Ao longo do concello, a delimitación do ámbito atravesa as parroquias de Santiago de Pontedeume, San Pedro de Vilar e lixeiramente en San Martiño de Andrade. Na primeira parroquia o ámbito comprende parte do casco histórico de Pontedeume, para deseguido entrar no Barro, pertencente á parroquia de San Pedro de Vilar. Nesta mesma parroquia o ámbito recolle o pequeno rueiro da Torre.

O límite oeste da delimitación despois de abandonar a ponte do tren, cingúese, ao chegar terra, á liña das fachadas de diversas edificacións portuarias até chegar ao edificio do Xulgado, onde toma a avenida do Torreón. A partir deste punto o ámbito axústase a varios límites entre edificacións da mazá comprendida entre a praza do Conde e a rúa da Pescadería. A delimitación xira para abranguer os edificios con fachada á rúa de Santiago. A continuación o ámbito amplíase pasando pola rúa do Pincho para despois abandonar a trama urbana e internarse de xeito paralelo a rúa Fontenova na parte baixa da ladeira do monte Breamo. Unha vez dentro da parroquia de San Pedro de Vilar, o ámbito transcorre polo norte do lugar do Barro e da canteira a do pé do monte, deixando á dereita o núcleo das Pedridas. Antes de introducirse no concello de Miño o ámbito percorre parte da aba sueste no monte Breamo.

A delimitación leste adopta a liña das fachadas das edificacións da primeira fileira de edificacións da fronte do esteiro, até chegar a gasolinera, onde xira, cinguíndose a varias medianeiras da illa de casas delimitada polas avenidas da Coruña e Raxoi. A continuación discorre polo fondo dos edificios con fachada á rúa dos Ferreiros até xirar case no extremo desta mazá a mazá contigua cara ao leste até acadar a rúa da Tahona, lugar onde abandona a trama urbana para discorrer, en dirección sur, por terreos de cultivo e incultos até entrar na parroquia de San Pedro. Despois de atravesar a estrada nacional N-651 e cingirse a beira oeste da mesma, deixa pola dereita o núcleo da Torre, tomando o camiño dirección a Buiña e posteriormente a estrada AC-4802 até chegar ao concello de Miño.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Ponte sobre o Eume	Río Eume	Cabanas (Santo André) - Pontedeume (Santiago)	Arquitectura civil	567.378	4.806.874
Casco histórico de Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Conxuntos de interese ou agrup de bens	567.258	4.806.525
Casa na Rúa Real nº 11 (de Fina Prado). Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.290	4.806.511
Casa do Concello en Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.285	4.806.503
Casa reitoral de Santiago de Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.172	4.806.438
Igrexa de Pontedeume (parroquial de Santiago)	Pontedeume	Pontedeume	Elementos etnográficos	567.224	4.806.402
Murallas da Vila de Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.180	4.806.403
Murallas da Vila de Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Elementos etnográficos	567.180	4.806.403
Pazo do Arcebispo Raxoi en Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.297	4.806.524
Casa na Rúa Real nº 9 (de Carme Allegue). Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.293	4.806.517
Cruceiro das Angustias en Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Elementos etnográficos	567.286	4.806.412
Peirao antigo de Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Elementos etnográficos	567.247	4.806.661
Casa na Rúa Peixería nº 49. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.196	4.806.442
Casa na Rúa Real nº 17. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.264	4.806.490
Casa na Rúa Real nº 17. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.264	4.806.490
Casa na Rúa Virtudes nº 1. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.356	4.806.403
Casa da Rúa Atafona nº 27. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.205	4.806.390
Fonte de Santiago de Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Elementos etnográficos	567.211	4.806.454
Escaleiras do monumento en Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Elementos etnográficos	567.186	4.806.307
Coliseo García Novoa en Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.310	4.806.489
Casa na Praza das Angustias nº 7. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.290	4.806.403



NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Casa na Praza de San Roque nº 13. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.305	4.806.365
Casa na Rúa da Igrexa nº 23. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.244	4.806.423
Casa na Rúa Real nº 2. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.297	4.806.566
Casa na Rúa Real nº 8 con escudo. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.283	4.806.543
Casa na Rúa Real nº 8 con escudo. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.283	4.806.543
Casa na Rúa Real nº 16. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.269	4.806.528
Casa na Rúa Real nº 18. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.257	4.806.511
Casa con escudo na Rúa de Santiago nº 42. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.207	4.806.471
Casa con escudo na Rúa de Santiago nº 42. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.207	4.806.471
Casa na Rúa Peixería nº 50. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.177	4.806.469
Casa na Rúa Peixería nº 45. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.198	4.806.468
Casa na Rúa Real nº 32. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.244	4.806.461
Casa na Rúa Real nº 26. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.249	4.806.486
Casa na Rúa Real nº 25. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.261	4.806.467
Casa na Rúa Real nº 5. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.303	4.806.545
Casa na Rúa Real nº 14. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.273	4.806.532
Casa na Rúa Empedrado nº 15. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.310	4.806.325
Casa na Rúa Empedrado nº 4. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.289	4.806.370
Casa na Rúa Empedrado nº 8. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Arquitectura civil	567.290	4.806.364
Fonte Nova en Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Elementos etnográficos	567.222	4.806.264
Muros da Rúa Empedrado. Pontedeume	Pontedeume	Pontedeume	Elementos etnográficos	567.314	4.806.264
Verracos.	Pontedeume.	Pontedeume (Santiago).	Animais de granito con inscricións no lombo.	567.305	4.806.597

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



053



054



055



056



057




058



059



060



061



062



063



064



065



066



067

8. ANEXO PLANOS